

## PLENO

**ACTA 2020/12 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 19/10/2020**

No salón de actos da Casa do Concello , ás 9:30 horas, coa asistencia de:

- 1 Manuel Mirás Franqueira – alcalde – (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa coma secretario do Pleno o Secretario da Corporación Federico Suárez Cancelo. Asiste igualmente o interventor da Corporación Félix Carrasco del Pozo. Actúa como presidente o Sr. Alcalde da Corporación D. Manuel Mirás Franqueira.

Constitútese o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

## I PARTE RESOLUTORIA

- 1.-Aprobar se procede definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso logo da resolución da alegación presentada (EXP. 2020/X999/000296).
- 2.-Aprobar se procede a modificación da dedicación correspondente ao posto de Alcaldía – Presidencia (EXP. 2020/X999/000357).
- 3.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) (EXP. 2020/G016/000002).
- 4.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo subministro de auga (EXP. 2020/G016/000006)

## PLENO

5.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa de saneamento (EXP. 2020/G016/000007).

6.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) (EXP. 2020/G016/000005).

7.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (EXP. 2020/G016/000003).

8.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana (EXP. 2020/G016/000004).

Seguidamente o alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

**I PARTE RESOLUTORIA**

**1.-Aprobar se procede definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso logo da resolución da alegación presentada (EXP. 2020/X999/000296).**

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER que con data 28 de agosto de 2020 foi aprobada inicialmente polo Pleno do concello a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello de Oroso. (EXP. 2020/X999/000296).

E DE VER que transcorrido o prazo de exposición pública, e segundo consta en certificado de data 6/10/2020 emitida polo Secretario do Concello, foron presentadas as seguintes alegacións:

- Reclamación presentada por don Alberto Mallo Mallo (R.E. 202099900001096) de data 25/09/2020.

E DE VER o informe desfavorable conxunto da secretaría e intervención municipal de data 8 de outubro sobre as reclamacións presentadas polas seguintes razóns, transcritas do informe:

“....

*Examinadas as alegacións presentadas en cada un dos apartados, obsérvase o seguinte:*

## PLENO

1º) *Non se contén nos fundamentos da valoración efectuada ningunha motivación ou proba que acredite que as funcións alegadas tidas en conta para fundamentar o aumento de coeficientes, non foron tidas en conta para a valoración orixinaria do posto de traballo, é dicir, que se trata de novas funcións non previstas na lexislación de policía local anterior, e que as novas funcións inciden no aumento do coeficientes dos factores, tendo en conta que tal e coma establece a xurisprudencia sobre a materia, correspóndelle a carga da proba ao reclamante.*

2º) *A valoración dos factores feita polo reclamante basease unicamente en criterios subxectivos, alegando de xeito xenérico o disposto na lei 4/2007 coma xustificación para o aumento dos coeficientes. Deste xeito, e a título de exemplo, no primeiro apartado de especialización e formación complementaria alúdese ao especial deber de formación previsto na lei 4/2007 de coordinación de policía locais de Galicia para xustificar o aumento, obviando que segundo establece o artigo 54.8 do TR 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, é un deber de todo empregado público manter actualizada a súa formación e cualificación.*

*Polo tanto, non queda acreditada na reclamación, segundo a lexislación e xurisprudencia sobre o tema, que a valoración feita pola Administración do posto de traballo é arbitraria, irracional ou ilóxica, e que é contraria ao principio de igualdade, supoñendo a súa admisión que a potestade recoñecida á administración para a valoración dos postos de traballo fose usurpada polo reclamante, e abriría a vía para que calquera outro traballador do concello procedese a revalorar o seu posto de traballo de conformidade coa súa vontade.*

*Cabe así mesmo engadir que tal e como se desprende do dito anteriormente, a RPT foi inicialmente aprobada con data de 25 de maio de 2006 e que con motivo da entrada en vigor da Lei 4/2007 de coordinación de policía locais de Galicia a mesma xa foi modificada ano 2018 (Exp. 2018\_X999\_000004), acordo de modificación que non foi recorrido polo agora alegante quen dous anos mais tarde presenta alegacións por considerar que as disposición da citada Lei 4/2007 teñen que conlevar unha modificación dos coeficientes da RPT, pretendo deste xeito unha sorte de revisión extemporánea do acordo adoptado no ano 2018.*

.....

## PLENO

”

Tendo en conta que a competencia para a aprobación da Relación de postos de traballo está atribuída ao Pleno da Corporación, en virtude do establecido, no artigo 22.2 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o disposto no artigo 123 do RD 2568/1986, do 26 de novembro, esta Presidencia propón ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa a aprobación da seguinte PROPOSTA:

**PRIMEIRO:** Desestimar a reclamación presentada por don Alberto Mallo Mallo (R.E. 202099900001096) de data 25/09/2020 á modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello de Oroso. (EXP. 2020/X999/000296) polas razóns expostas no informe conxunto da secretaría e intervención municipal de data 8 de outubro.

**SEGUNDO:** Aprobar definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello de Oroso. (EXP. 2020/X999/000296).

**TERCEIRO:** Proceder á publicación no BOP de A Coruña do contido da mesma e remitir copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que están de acordo coa alegación presentada polo policía local e consideramos que se tería que estimar por iso imos a votar en contra.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG – PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: catro ( 4 do PP).

Abstencións: dúas (2 de OR) adopta o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Desestimar a reclamación presentada por don Alberto Mallo Mallo (R.E. 202099900001096) de data 25/09/2020 á modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello de Oroso. (EXP. 2020/X999/000296) polas razóns expostas no informe conxunto da secretaría e intervención municipal de data 8 de outubro.

## PLENO

**SEGUNDO:** Aprobar definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello de Oroso. (EXP. 2020/X999/000296).

**TERCEIRO:** Proceder á publicación no BOP de A Coruña do contido da mesma e remitir copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia

**2.-Aprobar se procede a modificación da dedicación correspondente ao posto de Alcaldía – Presidencia.(EXP. 2020/X999/000357).**

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que di:

“Con data de 25/06/2019 o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria adoptou o seguinte acordo:

*“1º) A aprobación das seguintes dedicacións parciais a desempeñar polos seguintes cargos:*

*1º.- Alcaldía-Presidencia, con unha retribución bruta anual de 35.853,12 euros en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias, con unha dedicación mínima ao cargo de 30 horas semanais en cómputo anual.*

*2º.- Concellería delegada de Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, con unha retribución bruta anual de 22.000,00 euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias con unha dedicación mínima ao cargo de 27,5 horas semanais en cómputo anual.*

*3º- Concellería delegada de Réxime Interior, Persoal, Patrimonio, Voluntariado, Xuventude, Mobilidade e Sanidade, con unha retribución bruta anual de 17.600,00 euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias con unha dedicación mínima ao cargo de 25 horas semanais en cómputo anual.*

*4º- Concellería delegada de Relacións Veciñais, Medio Rural, Parroquias e Xardíns, con unha retribución bruta anual de 14.000,00 euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias con unha dedicación mínima ao cargo de 20 horas semanais en cómputo anual.*

*2º) A aprobación das seguintes dedicacións exclusivas a desempeñar polos seguintes cargos:*

## PLENO

1º.- *Concellería delegada de cultura, comercio e industria e actividades lúdicas, con unha retribución bruta anual de 23.500,00 euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias, ca xornada ordinaria de traballo do persoal da corporación.*

2º.- *Concellería delegada de Mulleres, Ensino e Servizos Sociais, con unha retribución bruta anual de 23.500,00 euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias, ca xornada ordinaria de traballo do persoal da corporación.*

3º) *A devindicación e pago das contías establecidas farase do mesmo xeito que as retribucións do persoal do concello e poderán serán aumentadas anualmente coa aprobación dos orzamentos anuais da corporación no porcentaxe máximo previsto da lei de orzamentos xerais do estado para os gastos de persoal do sector público..”*

Considerando que chegado este momento procede eliminar a dedicación parcial aprobada para o posto de Alcaldía – Presidencia así como a retribución asignada á mesma de xeito que esta pase a ser de 0,00 euros, pola presente propono que o Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Suprimir a dedicación parcial do posto de Alcaldía – Presidencia acordada polo pleno con data de 25/06/2019 e a conseguinte retribución da mesma, mantendo os restantes termos do acordo.

SEGUNDO: O presente acordo producirá efectos a partir do 1 de novembro de 2020.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Oroso (<https://sede.orosogal.com/abrir/abrir.do>) para xeral coñecemento.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que esta decisión entra dentro da libre decisión do Alcalde, en todo caso deberíase tomar nota do gasto tamén en asistencias. Ademais o Concello gastou 800.000 euros en dúas obras como son a do campo de fútbol e o auditorio e así están...

## PLENO

Interrompe o Sr. Alcalde e chámalle por primeira vez a atención por considerar que non está a falar do punto da orde do día.

Continúa D. José Manue Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o Sr. Alcalde sácalle cartón amarelo pero que el lle saca ao Alcalde cartón vermello...

Interrompe de novo o Sr. Alcalde quen lle chama por segunda e por terceira vez a atención e procede a expulsar do salón de plenos a D. José Manuel Mirás Pulleiro. Neste intre deixan o salón de plenos D. José Manuel Mirás Pulleiro e D<sup>a</sup>. María Teresa Cendal Iglesias ambos concelleiros do grupo municipal Oroso Renovable.

D. Alexander Doval Expósito (PP) toma a palabra para sinalar que considera que non pode pasar este tipo de cousas, é certo que non se debe ir un do punto da orde do día pero tampouco se debe producir este tipo de comportamento por parte da Alcaldía.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: catro ( 4 do PP) adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Suprimir a dedicación parcial do posto de Alcaldía – Presidencia acordada polo pleno con data de 25/06/2019 e a conseguinte retribución da mesma, mantendo os restantes termos do acordo.

**SEGUNDO:** O presente acordo producirá efectos a partir do 1 de novembro de 2020.

**TERCEIRO:** Publicar o presente acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Oroso (<https://sede.orosogal/opencms/gl/>) para xeral coñecemento.”

**3.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) (EXP. 2020/G016/000002).**

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que di:

## PLENO

“LOGO DE VER a providencia de Alcaldía de data 30 de setembro do presente ano, polo que se ordea o inicio de expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles (IBI).

LOGO DE VER os informes favorables da secretaría e intervención municipal que constan no expediente.

O Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais e artigo 22.1 d) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles (IBI) do concello de Oroso, segundo a seguinte redacción:

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES**

**1º) *Introdúcese a seguinte disposición transitoria:***

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

*Os tipos de gravame a aplicar aos bens inmobles de natureza urbana durante o período impositivo do ano 2021 será do 0,405 por cento, en substitución do previsto no artigo 2 desta ordenanza.*

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.”*

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobada.”

Ábrese unha quenda de intervencións.



## PLENO

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que o seu grupo está de acordo en que se fagan rebaixas de impostos na situación na que nos atopamos e ista afirmación é válida para todos os restantes puntos da orde do día onde se propoñen rebaixas de tributos. En canto ao imposto de vehículos xa comentamos na comisión informativa a existencia dunha subvención convocada polo INEGA para vehículo non contaminantes que se podería solicitar polo Concello. Polo que respecta á taxa do lixo reiterar de novo que se pode solicitar o 10% de redución do custo a Sogama. Por último o tema da plusvalía hay una bonificación do 75% pero se refire so ao período voluntario. Hai moita xente que descoñece que ten que pagar este tributo e que so se entera cando lle chega o recibo e xa lle chega con recargo, o Concello tal vez podería avisar dalgún xeito, partindo sempre de que loxicamente é unha obriga dos cidadáns saber que teñen que aboar este tributo.

O Sr. Alcalde sinala que para que o Concello ou a Deputación puidera facer este aviso se tería que facer un rastreo permanente e non sabe si será moi viable, pero o falarán coa Deputación. Considera que o 99% da xente sabe de sobra que o ten que pagar o que pasa que espera ata o último momento por si non o ten que pagar

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) aproba o seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles (IBI) do concello de Oroso, segundo a seguinte redacción:

### **“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES**

**1º) Introdúcese a seguinte disposición transitoria:**

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

*Os tipos de gravame a aplicar aos bens inmobles de natureza urbana durante o período impositivo do ano 2021 será do 0,405 por cento, en substitución do previsto no artigo 2 desta ordenanza.*

## PLENO

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.”*

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobada.”

**4.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo subministro de auga (EXP. 2020/G016/000006)**

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER a providencia de alcaldía de data 30 de setembro do presente, polo que inicia o expediente de modificación da ordenanza fiscal da taxa polo servizo de subministro de augas.

E DE VER os informes favorables de secretaría e intervención.

O Alcalde do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 57 da Lei reguladora das Facendas locais, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte acordo:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa polo Servizo de subministro de augas, do seguinte xeito:

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE SUBMINISTRO DE AUGAS**

*O artigo 3 da ordenanza queda redactada como segue:*

**ARTIGO 3. TARIFAS**

*Fíxanse as seguintes tarifas:*

*Aboados domésticos*

## PLENO

De 0 a 10 m3/mes..... 0,386922172 €/m3

Más de 10 m3/mes..... 0,487676108 €/m3

### *Aboados industriais*

De 0 a 10 m3/mes..... 0,386922172 €/m3

Más de 10 m3/mes.....0,568955451 €/m3

### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2021 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.”*

2º) A apertura dun período de exposición pública de 30 días mediante publicación de anuncio no BOP. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza elevarase automaticamente a definitiva.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa polo Servicio de subministro de augas, do seguinte xeito:

### **“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE SUBMINISTRO DE AUGAS**

*O artigo 3 da ordenanza queda redactada como segue:*

### **ARTIGO 3. TARIFAS**

*Fíxanse as seguintes tarifas:*

#### *Aboados domésticos*

De 0 a 10 m3/mes..... 0,386922172 €/m3

Más de 10 m3/mes..... 0,487676108 €/m3

#### *Aboados industriais*

## PLENO

De 0 a 10 m3/mes..... 0,386922172 €/m3

Más de 10 m3/mes.....0,568955451 €/m3

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2021 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.”*

2º) A apertura dun período de exposición pública de 30 días mediante publicación de anuncio no BOP. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza elevarase automaticamente a definitiva.”

**5.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa de saneamento (EXP. 2020/G016/000007).**

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que di:

LOGO DE VER a providencia de alcaldía de data 30 de setembro do presente, polo que inicia o expediente de modificación da ordenanza fiscal da taxa polo servizo de sumidoiros.

E DE VER os informes favorables de secretaría e intervención.

O Alcalde do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 57 da Lei reguladora das Facendas locais, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte acordo:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa polo Servizo de sumidoiros, do seguinte xeito:

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA POLO SERVICIO DE SUMIDOIROS****ARTIGO 5. TARIFAS**

*Fíxanse as seguintes tarifas:*

*a) Aboados do servizo de auga*

*Aboados domésticos*

De 0 a 10 m3/mes..... 0,337829981 €/m3

## PLENO

Más de 10 m3/mes..... 0,425736099 €/m3

*Aboados industriais*

De 0 a 10 m3/mes..... 0,337829981 €/m3

Más de 10 m3/mes..... 0,497413422 €/m3

b) *Aboados só ó servizo de saneamento*

*Cota trimestral: 10,14301388 €/trimestre*

c) *Limpeza fosas sépticas*

*Por limpeza: 40,57205541 €/limpeza*

### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2021 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.”*

2º) A apertura dun período de exposición pública de 30 días mediante publicación de anuncio no BOP. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza elevarase automaticamente a definitiva.

Ábrese unha quenda de intervencións.  
Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningunha (0 votos) adopta o seguinte acordo:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa polo Servizo de sumidoiros, do seguinte xeito:

### **“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA POLO SERVICIO DE SUMIDOIROS**

#### **ARTIGO 5. TARIFAS**

*Fíxanse as seguintes tarifas:*

## PLENO

*a) Aboados do servizo de auga**Aboados domésticos**De 0 a 10 m3/mes..... 0,337829981 €/m3**Más de 10 m3/mes..... 0,425736099 €/m3**Aboados industriais**De 0 a 10 m3/mes..... 0,337829981 €/m3**Más de 10 m3/mes..... 0,497413422 €/m3**b) Aboados só ó servizo de saneamento**Cota trimestral: 10,14301388 €/trimestre**c) Limpeza fosas sépticas**Por limpeza: 40,57205541 €/limpeza***DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2021 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.”*

2º) A apertura dun período de exposición pública de 30 días mediante publicación de anuncio no BOP. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza elevarase automaticamente a definitiva.

**6.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) (EXP. 2020/G016/000005).**

Logo de ver a proposta de acordo da Alcaldía que di:

LOGO DE VER a providencia de Alcaldía de data 30 de setembro do presente ano, polo que se ordea o inicio de expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM).

LOGO DE VER os informes favorables da secretaría e intervención municipal que constan no expediente.

## PLENO

O Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais e artigo 22.1 d) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM), segundo a seguinte redacción:

### **“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

1º) O artigo 3 da ordenanza queda redactado como segue:

#### **Artigo 3º.- Beneficios fiscais**

##### **3.1 Bonificación para vehículos históricos**

1.-Os suxeitos pasivos que ó seu nome conste o vehículo no permiso de circulación, poderán solicitar unha bonificación do 100% na cota do imposto, cando o vehículo teña unha antigüidade superior a 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.-A bonificación establecida no apartado anterior será de natureza regrada e terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a entidade local que teña asumida a xestión tributaria do imposto. Con anterioridade á retribución do imposto deberase achega-la documentación acreditativa necesaria para determina-lo sinalado no apartado anterior. Esta documentación será: acreditación da data de primeira matriculación ou certificado de fabricación do vehículo expedido polo fabricante correspondente.

3.-O efecto da concesión da presente bonificación comezará a partir do exercicio seguinte ó da data da súa solicitude e non terá carácter retroactivo.

##### **3.2 Bonificación en función da incidencia medioambiental da clase de carburante e tipo de motor dos vehículos.**

1.- Establecese unha bonificación do 60 % na cota do imposto a favor dos suxeitos pasivos titulares de aqueles vehículos cuxas características técnicas impliquen a concesión da Etiqueta Ambiental de CERO emisións pola Dirección Xeral de Tráfico.

## PLENO

2.-A bonificación establecida no apartado anterior terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a entidade local que teña asumida a xestión tributaria do imposto. Deberase achegar calquera da seguinte documentación necesaria para acreditar o dereito á bonificación:

- a) Certificado ou informe da Dirección Xeral de Tráfico sobre a acreditación da posesión da devandita etiqueta.
- b) Copia ou fotografía da etiqueta na que se aprecie claramente os datos do vehículo.

3.- No suposto de que o dereito á concesión da etiqueta aparecese reflectido no Rexistro de Vehículos ou os servizos da Sede Electrónica da Dirección Xeral de Tráfico, poderase substituír a presentación da documentación exposta por unha autorización á entidade local que teña asumida a xestión tributaria do imposto para acceder aos devanditos recursos e acreditar esta circunstancia. Non será preciso axuntar a devandita autorización se os datos fosen de acceso público libre.

4.-O efecto da concesión da presente bonificación comezará a partir do período impositivo seguinte ó da data da súa solicitude e non terá carácter retroactivo, tendo carácter indefinido sempre que se manteñan as condicións tidas en conta para a súa concesión. Por excepción, no suposto de primeira adquisición do vehículo, a bonificación surtirá efecto no período impositivo da data de solicitude sempre que se presentase esta coa solicitude de alta no Padrón ou no seu caso autoliquidación do imposto.

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.”*

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobada.

Ábrese unha quenda de intervencións.



## PLENO

Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM), segundo a seguinte redacción:

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

1º) O artigo 3 da ordenanza queda redactado como segue:

**Artigo 3º.- Beneficios fiscais**

**3.1 Bonificación para vehículos históricos**

1.-Os suxeitos pasivos que ó seu nome conste o vehículo no permiso de circulación, poderán solicitar unha bonificación do 100% na cota do imposto, cando o vehículo teña unha antigüidade superior a 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.-A bonificación establecida no apartado anterior será de natureza regrada e terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a entidade local que teña asumida a xestión tributaria do imposto. Con anterioridade á retribución do imposto deberase achega-la documentación acreditativa necesaria para determina-lo sinalado no apartado anterior. Esta documentación será: acreditación da data de primeira matriculación ou certificado de fabricación do vehículo expedido polo fabricante correspondente.

3.-O efecto da concesión da presente bonificación comezará a partir do exercicio seguinte ó da data da súa solicitude e non terá carácter retroactivo.

**3.2 Bonificación en función da incidencia medioambiental da clase de carburante e tipo de motor dos vehículos.**

1.- Establecese unha bonificación do 60 % na cota do imposto a favor dos suxeitos pasivos titulares de aqueles vehículos cuxas

## PLENO

*características técnicas impliquen a concesión da Etiqueta Ambiental de CERO emisións pola Dirección Xeral de Tráfico.*

*2.-A bonificación establecida no apartado anterior terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a entidade local que teña asumida a xestión tributaria do imposto. Deberase achegar calquera da seguinte documentación necesaria para acreditar o dereito á bonificación:*

- c) Certificado ou informe da Dirección Xeral de Tráfico sobre a acreditación da posesión da devandita etiqueta.*
- d) Copia ou fotografía da etiqueta na que se aprecie claramente os datos do vehículo.*

*3.- No suposto de que o dereito á concesión da etiqueta aparecese reflectido no Rexistro de Vehículos ou os servizos da Sede Electrónica da Dirección Xeral de Tráfico, poderase substituír a presentación da documentación exposta por unha autorización á entidade local que teña asumida a xestión tributaria do imposto para acceder aos devanditos recursos e acreditar esta circunstancia. Non será preciso axuntar a devandita autorización se os datos fosen de acceso público libre.*

*4.-O efecto da concesión da presente bonificación comezará a partir do período impositivo seguinte ó da data da súa solicitude e non terá carácter retroactivo, tendo carácter indefinido sempre que se manteñan as condicións tidas en conta para a súa concesión. Por excepción, no suposto de primeira adquisición do vehículo, a bonificación surtirá efecto no período impositivo da data de solicitude sempre que se presentase esta coa solicitude de alta no Padrón ou no seu caso autoliquidación do imposto.*

### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.”*

*2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobada.*

## PLENO

**7.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (EXP. 2020/G016/000003).**

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que di:

LOGO DE VER a providencia de Alcaldía de data 30 de setembro do presente ano, polo que se ordea o inicio de expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

LOGO DE VER os informes favorables da secretaría e intervención municipal que constan no expediente.

O Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais e artigo 22.1 d) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, segundo a seguinte redacción:

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS**

1º) O artigo 2 da ordenanza queda redactado como segue:

**“Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida, clasificación, almacenamento, transporte, valorización e eliminación, incluída a vixilancia dos lugares de depósito ou vertido, despois do seu peche, dos residuos urbanos ou municipais xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos sitos dentro do termo municipal do Oroso segundo as definicións contidas no artigo 4 da lei 10/2008 de residuos de Galicia.

“

2º) Engádesse unha disposición transitoria como segue:

PLENO

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

As tarifas a aplicar pola prestación do servizo durante o período impositivo do ano 2021 serán as seguintes, en substitución da previstas no artigo 4 desta ordenanza:

1.A.- Tarifas domésticas:

VIVENDAS PARTICULARES NO NÚCLEO DE SIGÜEIRO OU FORA DE ESTE CON RECOLLIDA AL MENOS DIARIA EN DÍAS LABORABLES	73,39 €
VIVENDAS PARTICULARES NON INCLUIDAS NO ANTERIOR EPÍGRAFE	44,75 €

1.B.- Tarifas de locais de negocio:

ACTIVIDADES INDUSTRIAIS	SECCIÓN 1 Divisións 0 a 5	223,87 €
CAFETERIAS BARES E ESTABLECEMENTOS ANÁLOGOS NA ZOA RURAL	SECCIÓN 1 Epígrafes 6721 a 6723; 6731,6732; 6741 a 6746, 676, 677.9	161,60 €
CAFETERIAS BARES E ESTABLECEMENTOS ANÁLOGOS NA ZOA URBANA	SECCIÓN 1 Epígrafes 6721 a 6723; 6731,6732; 6741 a 6746, 676, 677.9	310,89 €
CENTROS EDUCATIVOS, EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS, MUSEOS E BIBLIOTECAS	SECCIÓN 1 Grupo 931, 966.1	435,15 €
CLÍNICAS, HOSPITAIS, SANATORIOS, BALNEARIOS E BAÑOS	SECCIÓN 1 Grupo 941 e 942.1, 942.2	745,94 €
COMERCIO AL POR MAIOR ALIMENTACIÓN	SECCIÓN 1 Agrupación 612	745,94 €
COMERCIO AL POR MAIOR (EXCEPTO INDUSTRIA ALIMENTARIA)	SECCIÓN 1 Agrupación 61, 62 (Excepto 612)	372,97 €
COMERCIO AL POR MENOR (EXCEPTO INDUSTRIA ALIMENTARIA), SERVICIOS PERSONALES E DE REPARACIÓN - ZONA	SECCIÓN 1 Agrupación 65 e 69, Grupo 971	161,60 €

## PLENO

RURAL		
COMERCIO AL POR MENOR (EXCEPTO INDUSTRIA ALIMENTARIA), SERVICIOS PERSONALES E DE REPARACIÓN - ZONA URBANA	SECCIÓN 1 Agrupación 65 e 69, Grupo 755 e 971	223,87 €
COMERCIO AL POR MENOR (EXCEPTO INDUSTRIA ALIMENTARIA), SERVICIOS PERSONALES E DE REPARACIÓN ZONA URBANA - LOCAIS DE MENOS 40 m2	SECCIÓN 1 Agrupación 65 e 69, Grupo 755 e 971	161,60 €
COMERCIO AL POR MENOR INDUSTRIA ALIMENTARIA - ZONA RURAL	SECCIÓN 1 Agrupación 64 (Excepto 647.3, 647.4), Grupo 675	161,60 €
COMERCIO AL POR MENOR INDUSTRIA ALIMENTARIA - ZONA URBANA	SECCIÓN 1 Agrupación 64 (Excepto 647.3, 647.4), Grupo 675	310,89 €
COMERCIO AL POR MENOR INDUSTRIA ALIMENTARIA ZONA URBANA - LOCAIS DE MENOS 40 m2	SECCIÓN 1 Agrupación 64 (Excepto 647.3, 647.4), Grupo 675	161,60 €
COMERCIO MIXTO INTEGRADO EN GRANDES SUPERFICIES E PARQUES E RECINTOS FERIALES	SECCIÓN 1 Grupo 661, Grupo 989.3	2.237,58 €
HOTEIS E RESIDENCIAS DE 11 A 20 HABITACIÓNS	SECCIÓN 1 Epígrafes 681 a 687; 9351, 9352	372,97 €
HOTEIS E RESIDENCIAS DE ATA 10 HABITACIÓNS	SECCIÓN 1 Epígrafes 681 a 687; 9351, 9352	124,36 €
HOTEIS E RESIDENCIAS DE MÁIS DE 20 HABITACIÓNS	SECCIÓN 1 Epígrafes 681 a 687; 9351, 9352	745,94 €
INSTITUCIONES FINANCEIRAS, SEGUROS, SERVICIOS PRESTADOS Á	SECCIÓN 1 Grupo 8	223,87 €

PLENO

<i>EMPRESAS E ALQUILERES</i>		
<i>PROFESIONAIS E ACTIVIDADES DIVERSAS</i>	<i>SECCIÓNS 2 e 3 e en xeral calquera actividade da SECCIÓN 1 non encadrada nas anteriores tarifas</i>	124,36 €
<i>RESTAURANTES DE CINCO E CATRO TENEDORES</i>	<i>SECCIÓN 1 Epígrafes 671.1, 671.2</i>	497,23 €
<i>RESTAURANTES DE TRES, DOUS E UN TENEDORES</i>	<i>SECCIÓN 1 Epígrafes 671.3, 671.4, 671.5</i>	372,97 €
<i>SUPERMERCADOS DE 120 A 399 M2</i>	<i>SECCIÓN 1 Epígrafe 647.3</i>	497,23 €
<i>SUPERMERCADOS DE 400 M2 E MAIS</i>	<i>SECCIÓN 1 Epígrafe 647.4</i>	745,94 €

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.”*

2º) Exponer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobado.

Ábrese unha quenda de intervencións.  
Non se producen intervencións.

O Sr. Alcalde somete a proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, segundo a seguinte redacción:

PLENO

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS**

1º) O artigo 2 da ordenanza queda redactado como segue:

**“Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida, clasificación, almacenamento, transporte, valorización e eliminación, incluída a vixilancia dos lugares de depósito ou vertido, despois do seu peche, dos residuos urbanos ou municipais xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos sitos dentro do termo municipal do Oroso segundo as definicións contidas no artigo 4 da lei 10/2008 de residuos de Galicia.

“

2º) Engádesse unha disposición transitoria como segue:

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

As tarifas a aplicar pola prestación do servizo durante o período impositivo do ano 2021 serán as seguintes, en substitución da previstas no artigo 4 desta ordenanza:

1.A.- Tarifas domésticas:

VIVENDAS PARTICULARES NO NÚCLEO DE SIGÜEIRO OU FORA DE ESTE CON RECOLLIDA AL MENOS DIARIA EN DÍAS LABORABLES	73,39 €
VIVENDAS PARTICULARES NON INCLUIDAS NO ANTERIOR EPÍGRAFE	44,75 €

1.B.- Tarifas de locais de negocio:

ACTIVIDADES INDUSTRIAIS	SECCIÓN 1 Divisións 0 a 5	223,87 €
CAFETERIAS BARES E ESTABLECEMENTOS ANÁLOGOS NA ZOA RURAL	SECCIÓN 1 Epígrafes 6721 a 6723; 6731,6732; 6741 a 6746, 676, 677.9	161,60 €
CAFETERIAS BARES E ESTABLECEMENTOS ANÁLOGOS NA ZOA	SECCIÓN 1 Epígrafes 6721 a 6723; 6731,6732; 6741 a 6746, 676, 677.9	310,89 €

PLENO

URBANA		
CENTROS EDUCATIVOS, EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS, MUSEOS E BIBLIOTECAS	SECCIÓN 1 Grupo 931, 966.1	435,15 €
CLÍNICAS, HOSPITAIS, SANATORIOS, BALNEARIOS E BAÑOS	SECCIÓN 1 Grupo 941 e 942.1, 942.2	745,94 €
COMERCIO AL POR MAIOR ALIMENTACIÓN	SECCIÓN 1 Agrupación 612	745,94 €
COMERCIO AL POR MAIOR (EXCEPTO INDUSTRIA ALIMENTARIA)	SECCIÓN 1 Agrupación 61, 62 (Excepto 612)	372,97 €
COMERCIO AL POR MENOR (EXCEPTO INDUSTRIA ALIMENTARIA), SERVICIOS PERSONALES E DE REPARACIÓN - ZONA RURAL	SECCIÓN 1 Agrupación 65 e 69, Grupo 971	161,60 €
COMERCIO AL POR MENOR (EXCEPTO INDUSTRIA ALIMENTARIA), SERVICIOS PERSONALES E DE REPARACIÓN - ZONA URBANA	SECCIÓN 1 Agrupación 65 e 69, Grupo 755 e 971	223,87 €
COMERCIO AL POR MENOR (EXCEPTO INDUSTRIA ALIMENTARIA), SERVICIOS PERSONALES E DE REPARACIÓN ZONA URBANA - LOCAIS DE MENOS 40 m2	SECCIÓN 1 Agrupación 65 e 69, Grupo 755 e 971	161,60 €
COMERCIO AL POR MENOR INDUSTRIA ALIMENTARIA - ZONA RURAL	SECCIÓN 1 Agrupación 64 (Excepto 647.3, 647.4), Grupo 675	161,60 €
COMERCIO AL POR MENOR INDUSTRIA ALIMENTARIA - ZONA URBANA	SECCIÓN 1 Agrupación 64 (Excepto 647.3, 647.4), Grupo 675	310,89 €



## PLENO

COMERCIO AL POR MENOR INDUSTRIA ALIMENTARIA ZONA URBANA – LOCAIS DE MENOS 40 m2	SECCIÓN 1 Agrupación 64 (Excepto 647.3, 647.4), Grupo 675	161,60 €
COMERCIO MIXTO INTEGRADO EN GRANDES SUPERFICIES E PARQUES E RECINTOS FERIALES	SECCIÓN 1 Grupo 661, Grupo 989.3	2.237,58 €
HOTEIS E RESIDENCIAS DE 11 A 20 HABITACIÓNS	SECCIÓN 1 Epígrafes 681 a 687; 9351, 9352	372,97 €
HOTEIS E RESIDENCIAS DE ATA 10 HABITACIÓNS	SECCIÓN 1 Epígrafes 681 a 687; 9351, 9352	124,36 €
HOTEIS E RESIDENCIAS DE MÁIS DE 20 HABITACIÓNS	SECCIÓN 1 Epígrafes 681 a 687; 9351, 9352	745,94 €
INSTITUCIONES FINANCEIRAS, SEGUROS, SERVICIOS PRESTADOS Á EMPRESAS E ALQUILERES	SECCIÓN 1 Grupo 8	223,87 €
PROFESIONAIS E ACTIVIDADES DIVERSAS	SECCIÓN 2 e 3 e en xeral calquera actividade da SECCIÓN 1 non encadrada nas anteriores tarifas	124,36 €
RESTAURANTES DE CINCO E CATRO TENEDORES	SECCIÓN 1 Epígrafes 671.1, 671.2	497,23 €
RESTAURANTES DE TRES, DOUS E UN TENEDORES	SECCIÓN 1 Epígrafes 671.3, 671.4, 671.5	372,97 €
SUPERMERCADOS DE 120 A 399 M2	SECCIÓN 1 Epígrafe 647.3	497,23 €
SUPERMERCADOS DE 400 M2 E MAIS	SECCIÓN 1 Epígrafe 647.4	745,94 €

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.”*

## PLENO

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobado.

**8.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana (EXP. 2020/G016/000004).**

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que di:

LOGO DE VER a providencia de Alcaldía de data 30 de setembro do presente ano, polo que se ordea o inicio de expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

LOGO DE VER os informes favorables da secretaría e intervención municipal que constan no expediente.

O Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais e artigo 22.1 d) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, segundo a seguinte redacción:

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA**

*Os apartado número 3 do artigo 6 da ordenanza fiscal queda redactado do seguinte xeito:*

1. *De conformidade co disposto no artigo 108.4 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, gozarán dunha bonificación do 75 % da cota íntegra do imposto as transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os*

## PLENO

*ascendentes e adoptantes. Para gozar da bonificación, axuntarse a seguinte documentación para o acreditamento do parentesco:*

- a) *Copia do Libro de Familia ou certificado do Rexistro Civil correspondente, sempre que a administración encargada da xestión do imposto non teña acceso telemático ao Rexistro Civil para obter a devandita información.*

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.”*

2º) *Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobado.*

*Ábrese unha quenda de intervencións.*

*Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde somete a proposta a votación e Pleno da Corporación por:*

*Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE; e 1 do BNG).*

*Votos en contra: ningún ( 0 votos ).*

*Abstencións: catro ( 4 do PP) adopta o seguinte acordo:*

1º) *Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, segundo a seguinte redacción:*

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

*Os apartado número 3 do artigo 6 da ordenanza fiscal queda redactado do seguinte xeito:*

## PLENO

2. *De conformidade co disposto no artigo 108.4 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, gozarán dunha bonificación do 75 % da cota íntegra do imposto as transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes. Para gozar da bonificación, axuntarase a seguinte documentación para o acreditamento do parentesco:*
  - b) *Copia do Libro de Familia ou certificado do Rexistro Civil correspondente, sempre que a administración encargada da xestión do imposto non teña acceso telemático ao Rexistro Civil para obter a devandita información.*

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.”*

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobado.

E non existindo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 9:48 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario dou fe co visto e prace do Sr. Alcalde.

Asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde e polo Secretario do Concello.